

## IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia	Lingua Castelá e Literatura	Páx.	1
Curso	Pendentes 1º ESO		
Profesorado responsable	Carmen Lamas Montero		

### CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

#### 1º EXAME

**Bloque 1 e 2: Ler, escribir**

Comprensión e composición de textos descritivos.

**Bloque 2: O coñecemento da lingua**

Gramática: A estrutura das palabras. As familias léxicas. Procedementos de formación de palabras. Clasificación das palabras: o substantivo, o adxectivo, os determinantes, os pronomes. O verbo. Adverbio.

Ortografía: A maiúscula. Regras xerais de acentuación

#### 2º EXAME

**Bloque 1: Ler e escribir:**

Comprensión e composición de textos narrativos e dialogados.

A narración periodística: a noticia

**Bloque 2: Coñecemento da lingua**

ortografía: os signos de puntuación. Grafías dúbidasas.

**Bloque 3: Educación literaria**

Os xéneros literarios. A narración literaria. O conto. A lenda. Os mitos. Os romances.

Os recursos estilísticos.

### PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

A) INSTRUMENTOS:

- Fichas con teoría e práctica
- Exames.

B) CRITERIOS:

**Fichas: 40%**

Semanalmente o profesorado que imparte clase en 2º ESO entregará unha ou dúas fichas coa teoría básica e actividades sobre ela. Unha vez feitas e entregadas, devolveranse corrixidas, explicando os erros cometidos. Avaliarase este traballo sobre 4 puntos.

**Exames: 60%**

Ao longo do curso deberán facer dous exames (parciais) que puntuarán sobre 6. Nos exames entrará unha parte teórica e unha parte práctica seguindo o modelo das fichas.

## **IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA**

Materia	<b>Lingua Castelá e Literatura</b>	<b>Páx.</b>	<b>2</b>
Curso	Pendentes 1º ESO		
Profesorado responsable	Carmen Lamas Montero		

Para aprobar a materia por parciais é necesario acadar unha nota igual ou superior a 5 despois de sumar a nota do traballo semanal (fichas) e a nota do exame.

De non ser así, terán que presentarse a un exame final de toda a materia que se puntuará sobre 10. Para aprobar é necesario acadar unha nota igual ou superior a 5.

A nota final da materia para os que teñan que ir ao exame final será a máis alta: ben a nota media dos parciais ou ben a nota do exame final.

O alumnado que non consiga o aprobado mediante este procedemento terá dereito a unha proba de recuperación na que entrarán todos os contidos do curso. Para aprobar a materia será imprescindible sacar unha nota igual ou superior a 4,5.